



Sindicato
Profesional
de Xustiza

SPJ-USO SOLICITA A CONVOCATORIA URGENTE DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE ANTE A VOLTA A “NOVA NORMALIDADE” EN GALICIA

O SINDICATO PROFESIONAL DE JUSTICIA SPJ-USO Galicia, CIF G15380033, no seu propio nome e no dos funcionarios que prestan os seus servizos na Comunidade Galega, mail spjusogalicia@fep-uso.es, con domicilio, a efectos de notificacións, no local sindical sito en C/Lalín nº 4 – Edificio Xulgados - (locais sindicais) 36.209 de Vigo, por medio do presente expón:

As noticias non poden ser máis desalentadoras, estamos ante un claro avance cara atrás na loita contra a COVID-19 en toda a nosa Comunidade, con existencia de restricións máis ou menos severas.

Desde **SPJ-USO ENTENDEMOS** que apelar nestes momentos á responsabilidade persoal (medidas de autoprotección) é tan necesaria como insuficiente se non vai acompañada da responsabilidade da Administración a través dos mecanismos e medios necesarios, que ten ao seu alcance, de **PREVENCIÓN, SEGURIDADE E SAÚDE** de todos os traballadores.

Estamos á véspera do retorno das vacacións de moitos traballadores, e debemos asegurarnos, nun exercicio conxunto de responsabilidade, de que os **ÓRGANOS XUDICIAIS GALEGOS ESTEAN O MÁIS PREPARADOS POSIBLE PARA O DIFÍCIL ARRANQUE DESTA NOVA ETAPA**, a través das medidas de protección necesarias que garantan esa seguridade.

SPJ-USO, **SOLICITA** a convocatoria urgente do comité de Seguridade e Saúde, co fin de tratar sobre:

1.- **REFORZO DO PROTOCOLO** de actuación de cara a incorporación dos traballadores neste mes de setembro, tras o período vacacional.

2.- **A REALIZACION DE TEST OU PRUEBA PCR** a todos os funcionarios de Galicia, tanto para os que se incorporan das vacacións (xa que moitos contaxios ocorreron durante as vacacións) como aos que están traballando, e así evitar contaxios cando as oficinas xudiciais contén coa incorporación de todos os funcionarios aos seus postos de traballo.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 **SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

FERROL: Manu 678514555 **LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226

PONTEVEDRA: Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994

Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>

SPJ-USO Galicia - C/Lalín nº 4 – Edificio Xulgados - (locais sindicais). 36209 de Vigo



Sindicato
Profesional
de Xustiza

3.- **REFORZO DA LIMPEZA E DESINFECCIÓN NOS ÓRGANOS**, con especial referencia á deficitaria limpeza dos Xulgados de Paz que corre a cargo da Xunta, xa denunciada por este Sindicato en diferentes ocasións e medios.

4.- **LIMPEZA, DESINFECCION OU REPOSICIÓN** dos filtros de aire acondicionado e demais aparatos de ventilación, debido a falta da imposibilidade de ventilación en moitos dos edificios xudiciais.

5.- **REALIZACION DA PROBA PCR** a aqueles funcionarios que estiveron contaxiados do Covid 19, antes de que se incorporen ao seu posto de traballo, ata que o resultado da proba séa negativo e cumpran un periodo de confinamento de 14 días.

6.- **A TOMA DE TEMPERATURA**, a todas as persoas que entren nos edificios xudiciais, para garantir que todos os que se dirixen as oficinas xudiciais cumpren as debidas garantías sanitarias e así evitar o contaxio.

7.- **DOTACIÓN EPIS NOS DIFERENTES DESTINOS**, con especial atención aos funcionarios que conlevan saída á rúa.

Todas estas medidas, son necesarias debido a situación extraordinaria que estamos a vivir, e que consideramos **CLAVES PARA CONTROLAR A TRANSMISIÓN E EVITAR OUTRAS MÁIS DURAS QUE REPERCUTIRÁN NEGATIVAMENTE NA XA "TOCADA" ADMINISTRACIÓN DA XUSTIZA**. En Vigo, a 2 de setembro de 2020.

JULIO BOUZA BOUZA

COORDINADOR DE SPJ-USO



DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

R/ Madrid 2-4, 2ª planta, 15781, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 **SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

FERROL: Manu 678514555 **LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226

PONTEVEDRA: Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994

Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>

SPJ-USO Galicia - C/Lalín nº 4 - Edificio Xulgados - (locales sindicais). 36209 de Vigo